



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SUBSTITUCIÓN TEMPORAL DO TRABALLADOR ANTONIO BARCA LÓPEZ. EXP. 2024/X999/000091

Na data de 14-03-2024 ditouse a providencia da alcaldía pola cal se dispuxo o inicio do expediente para a substitución do traballador, Antonio Barca López, persoal do GES, en incapacidade temporal desde o 10-08-2023, polo tempo que dure a súa baixa e ata a súa incorporación, e dispúxose que se empregara a bosa de emprego aprobada pola resolución da alcaldía núm. 732/2023 de data 06-09-2023 de persoal do GES.

Emitido o informe sobre os chamamentos, na data de 01-04-2024 o TAX-coordinador xeral emite o seu informe proposta que é do seguinte teor literal:

“INFORME-PROPOSTA

I. Antecedentes:

-Bases xerais que rexeron as convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura de prazas incluídas na OPE extraordinaria-estabilización de emprego temporal de 2022 do Concello de Ponteceso, en especial a base xeral 16, que regula a formación das bolsas de emprego (publicadas no BOP núm. 245 do 29-12-2022).

- Resolución de Alcaldía núm. 732/2023 do 06/09/2023 pola que se aproba a actualización das bolsas de emprego aprobadas pola resolución núm. 514/2023, de data 13 de xuño de 2023, resultantes dos distintos procesos selectivos de estabilización do emprego temporal do exercicio 2022 do Concello de Ponteceso, para cada unha das prazas convocadas de persoal laboral.

-Resolución de Alcaldía núm. 744/2023 do 13-09-2023 pola que se aproba a última actualización da bolsa de emprego de PERSOAL DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES).

-Informe de Datos para a Cotización/traballadores por Conta Allea-Información por Período de Liquidación e Número de Seguridade Social da Tesourería Xeral da Seguridade Social de data 13-03-2024, no que consta como data de inicio da IT de Antonio Barca López o 10-08-2023.

-Providencia de Alcaldía de data 14-03-2024.

-Informe da funcionaria D^a. María José Sueiro Pose de data 19-03-2024, sobre os chamamentos, ampliado polo informe emitido o 26-03-2024, logo da renuncia á aceptación do chamamento do candidato número 4, D^o Martín Ordóñez Pose, o cal é do seguinte teor literal:

“INFORME

“..., emitido informe o día 19-03-2024, en virtude do acordado na providencia de Alcaldía do 14-03-2024, sobre o resultado dos chamamentos efectuados para a substitución temporal do traballador do GES, D. Antonio Barca López, en incapacidade temporal desde o 10-08-2023, e logo de ver o escrito presentado o 20-03-2024 (R.E. núm. 20240000000343) polo candidato que aceptou o chamamento, D^o Martín Ordóñez Pose, no que comunica a súa renuncia a cubrir o citado posto, por imposibilidade para compatibilizalo con outro posto de traballo, circunstancia



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

que xustifica documentalmente, cómpre proceder a seguir cos chamamentos, atendendo á orde de prelación dos candidatos da bolsa do persoal do GES, desprendéndose o seguinte resultado do cal informo a continuación:

1. *ORDOÑEZ POSE, MARTIN, con DNI ***3142**, candidato número 4 da bolsa: Renuncia ao chamamento mediante escrito presentado o 20-03-2024 (R.E. núm. 202400000000343), por desempeño doutro posto de traballo, o que acredita documentalmente.*
2. *VIDAL SÁNCHEZ, PEDRO, con DNI ***2778**, candidato número 5 da bolsa: Efectúase chamamento telefónico e por email o día 20-03-2024, contestando o 21-03-2024 por correo electrónico que non acepta cubrir o posto por estar desenvolvendo outro traballo noutra Administración na data na que se efectúa o chamamento, o cal acredita documentalmente.*
3. *FERNANDEZ MEDIN, MANUEL ANTONIO, con DNI ***0274**, candidato número 6 da bolsa: Efectúase chamamento telefónico e por email o día 20-03-2024, contestando na mesma data por correo electrónico que non acepta cubrir o posto por estar desenvolvendo outro traballo noutra Administración na data na que se efectúa o chamamento, o cal acredita documentalmente.*
4. *NAVA HERREROS, SERGIO, con DNI ***5607**, candidato número 7 da bolsa: Efectúase chamamento telefónico e por email o día 20-03-2024, contestando por correo electrónico o 21-03-2024 que non acepta cubrir o posto por estar desenvolvendo outro traballo noutra Administración na data na que se efectúa o chamamento, o cal acredita documentalmente.*
5. *FRANCO PEREZ, JAVIER, con DNI ***7185**, candidato número 8 da bolsa: Efectúase chamamento telefónico e por email o día 20-03-2024, contestando o 21-03-2024 por correo electrónico que non acepta cubrir o posto por estar desenvolvendo outro traballo noutra Administración na data na que se efectúa o chamamento, o cal acredita documentalmente.*
6. *GONZÁLEZ GÓMEZ, IAGO, con DNI ***4573**, candidato número 9 da bolsa: Efectúase chamamento telefónico e por email o día 21-03-2024, contestando o mesmo día por correo electrónico que non acepta cubrir o posto por estar desenvolvendo outro traballo noutra Administración na data na que se efectúa o chamamento, o cal acredita documentalmente.*
7. *VIGO BARREIRO, ADRIAN, con DNI ***3687**, candidato número 10 da bolsa: Efectúase chamamento telefónico e por email o día 21-03-2024, contestando o mesmo día por correo electrónico que non acepta cubrir o posto por estar desenvolvendo outro traballo noutra Administración na data na que se efectúa o chamamento, o cal acredita documentalmente.*
8. *CASTRO SOUTO, ROQUE, con DNI ***0691**, candidato número 11 da bolsa: Efectúase chamamento telefónico e por email o día 21-03-2024, contestando o mesmo día por correo electrónico que non acepta cubrir o posto por estar desenvolvendo outro traballo noutra Administración na data na que se efectúa o chamamento, o cal acredita documentalmente.*
9. *GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, CARLOS, con DNI ***9784**, candidato número 12 da bolsa: Efectúase chamamento por vía telefónica e por email o día 21-03-2024, comunicando que acepta cubrir o posto mediante email remitido na mesma data. Consta no expediente a documentación esixida presentada o 25-03-2024 (R.E. núm. 202400000000363)*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Polo que, tendo en conta o resultado dos chamamentos efectuados, a bolsa de emprego de PERSOAL DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) quedaría actualizada da seguinte maneira:

| Nº | APELIDOS E NOME | DNI | TOTAL | DESEMPATE BASE XERAL 9 |
|-----------|--------------------------------|------------|--------------|-----------------------------------|
| 1 | RODRIGUEZ MARTINEZ JOSE MANUEL | ***7010** | 70 | |
| 2 | LEYVA IGLESIAS MANUEL | ***1207** | 55,5 | |
| 3 | ROMERO BARRO ALEJANDRO | ***9986** | 48 | |
| 4 | ORDÓÑEZ POSE MARTÍN | ***3142** | 31,5 | **03/02/1980 |
| 5 | VIDAL SÁNCHEZ PEDRO | ***2778** | 31,5 | **06/10/1998 |
| 6 | FERNANDEZ MEDIN MANUEL ANTONIO | ***0274** | 30 | **10/02/1981 |
| 7 | NAVA HERREROS SERGIO | ***5607** | 30 | **26/07/1981 |
| 8 | FRANCO PEREZ JAVIER | ***7185** | 30 | **25/06/1984 |
| 9 | GONZÁLEZ GÓMEZ IAGO | ***4573** | 30 | **09/07/1988 |
| 10 | VIGO BARREIRO ADRIAN | ***3687** | 30 | **11/05/1990 |
| 11 | CASTRO SOUTO ROQUE | ***0691** | 30 | **03/10/1992 |
| 12 | GONZÁLEZ FERNÁNDEZ CARLOS | ***9784** | 30 | **13/08/1998 |
| 13 | DANS PASQUA FABIO | ***4576** | 30 | **20/09/1998 |
| 14 | VAZQUEZ MENDEZ SERGIO | ***7043** | 9,4 | |

E para que conste e surta os efectos oportunos expido e asino dixitalmente o presente informe, en Pontevedra a vinte e seis de marzo de dous mil vinte e catro”

*Logo de ver o anterior informe, acepta o chamamento para o posto de operario do GES, GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, CARLOS, con DNI ***9784**, candidato número 12 da bolsa, despois de efectuar o chamamento por vía telefónica e por email o día 21-03-2024, comunicando que acepta cubrir o posto mediante email remitido na mesma data. Consta no expediente a documentación esixida nas bases, sendo a mesma cotexada, entre a que se atopa o certificado médico, presentada polo interesado o 25-03-2024 (R.E. núm. 20240000000363). Polo que procede elevar a proposta de contratación laboral de duración determinada, por substitución da persoa traballadora D. Antonio Barca López en situación de baixa por IT, ao abeiro do establecido no artigo 15.3 do E.T., a favor do candidato, ata a reincorporación do traballador ao que substitúe ou, no seu caso, cobertura do posto por medio do correspondente proceso selectivo, coa categoría laboral de persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal, Grupo profesional IV, grupo cotización S.S. 8. As retribucións a percibir serán de igual contía que as do traballador substituído e que figuran no Orzamento municipal de 2024, Anexo de Persoal, para o posto de persoal do GES, cun salario bruto a percibir de 1.511,95 euros brutos/mes, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.*

Con carácter previo a ditar a resolución deberase someter á fiscalización previa da Intervención Municipal.

.....”

Emitido o informe de fiscalización previa pola intervención na data 02-04-2024 en sentido favorable.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Actualizar a bolsa de emprego da categoría de persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Ponteceso, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 514/2023 do 13-06-2023, a cal está integrada polas seguintes persoas:

| Nº | APELIDOS E NOME | DNI | TOTAL | DESEMPATE BASE XERAL 9 |
|----|--------------------------------|-----------|-------|---------------------------|
| 1 | RODRIGUEZ MARTINEZ JOSE MANUEL | ***7010** | 70 | |
| 2 | LEYVA IGLESIAS MANUEL | ***1207** | 55,5 | |
| 3 | ROMERO BARRO ALEJANDRO | ***9986** | 48 | |
| 4 | ORDÓÑEZ POSE MARTÍN | ***3142** | 31,5 | **03/02/1980 |
| 5 | VIDAL SÁNCHEZ PEDRO | ***2778** | 31,5 | **06/10/1998 |
| 6 | FERNANDEZ MEDIN MANUEL ANTONIO | ***0274** | 30 | **10/02/1981 |
| 7 | NAVA HERREROS SERGIO | ***5607** | 30 | **26/07/1981 |
| 8 | FRANCO PEREZ JAVIER | ***7185** | 30 | **25/06/1984 |
| 9 | GONZÁLEZ GÓMEZ IAGO | ***4573** | 30 | **09/07/1988 |
| 10 | VIGO BARREIRO ADRIAN | ***3687** | 30 | **11/05/1990 |
| 11 | CASTRO SOUTO ROQUE | ***0691** | 30 | **03/10/1992 |
| 12 | GONZÁLEZ FERNÁNDEZ CARLOS | ***9784** | 30 | **13/08/1998 |
| 13 | DANS PASQUA FABIO | ***4576** | 30 | **20/09/1998 |
| 14 | VAZQUEZ MENDEZ SERGIO | ***7043** | 9,4 | |

Segundo.- Contratar para o posto de persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Ponteceso ao candidato **CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ**, con DNI ***9784**, candidato número 12 da bolsa, que aceptou o chamamento por vía telefónica e por email o día 21-03-2024, comunicando que acepta cubrir o posto mediante email remitido na mesma data, constando no expediente a documentación esixida nas bases, sendo a mesma cotexada, entre a que se atopa o certificado médico, presentada polo interesado o 25-03-2024 (R.E. núm. 20240000000363). A contratación laboral será de duración determinada, por substitución da persoa traballadora D. Antonio Barca López en situación de baixa por IT, ao abeiro do establecido no artigo 15.3 do E.T, ata a reincorporación do traballador ao que substitúe ou, no seu caso, cobertura do posto por medio do correspondente proceso selectivo, coa categoría laboral de persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal, Grupo profesional IV, grupo cotización S.S. 8. As retribucións a percibir serán de igual contía que as do traballador substituído e que figuran no Orzamento municipal de 2024, Anexo de Persoal, para o posto de persoal do GES, cun salario bruto a percibir de 1.511,95 euros brutos/mes, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias

Terceiro.- Notificar ao interesado, publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, así como na sede electrónica municipal e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Ponteceso, na data da súa sinatura dixital.

O alcalde

A secretaria



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

(Dou fe aos efectos do art. 3.2 do RD 128/2018)

José Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado